

19:00 – 20:00 h | Público xeral
Obradoiro "Ilustrando con acuarela"
Levaremos a cabo as ilustracións inspirándonos no noso entorno a través de libros e visións dos animais que habitan o litoral galego.
Inscripcións en liña | 15 prazas
>13 Grados (colectivo)

19:00 – 20:00 h | Público adulto
Presentación de libro "Nos días encantados de agosto. Unha biografía de José Gil"
Trátase dunha unha viaxe apaixonada na procura do ronsel esquecido do iconauta José Gil, o auténtico precursor do cinema galego, quen filmou Galicia todos os agostos entre 1910 e 1934. O seu labor pioneiro pode explicar o devalar de fitos fundacionais da nosa cinematografía: os comezos do pictorialismo, o reporterismo fotográfico, o nacemento do cine ficcional e documental en Galicia, as primeiras marcas produtoras e laboratorios cinematográficos, o cine industrial e turístico, a relación con Portugal, o cine educativo, etnográfico e científico e tantas outras achegas do cineasta de Rubiós (As Neves) a prol da exaltación do país que tanto amaba.
> **Manolo González** (autor) Edit. Galaxia

20:00 – 20:15 h | Público xeral
SORTEO (libros e outros)

20:30 – 21:30 h | Público xeral
Espectáculo de maxia "A ilusión de Ler"
As palabras agochan grandes segredos, e unicamente coa lectura podemos descubrir a maxia, a ilusión e a sorpresa agochada entre as tapas dos libros. Acompañámoste nunha viaxe polo fascinante mundo da lectura soamente coa imaxinación como equipaxe.
> **MagiaEnLaManga**

Sábado 22 de abril 2023
Alameda Talo Río

SOUTO MAIOR DE LIBRO

Libros e, moito máis!!

EXPOSICIÓN VENDA

EDITORIAIS

Aira
Antela
Galaxia
Fervenza
Patas de Peixe
Hércules Edición
Boadicea Editora
Alvarelos Editora
Cuarto de Inverno

OUTROS

Tridelta

COLABORAN

Pless
13 grados
Librería Loli
Polygonestudios
MagiaEnLaManga
Brais da Horta
Iago Gordillo
Gema García
María Álvarez
Paula Suárez
Ramón Méndez
Rocío G. Pedreira
Manuel Estéban
Manolo González
Manuel Guisande

AGRADECIMENTO ESPECIAL
IES Soutomaior
CPR Santiago Apóstol
Biblioteca Municipal "Luís Seoane"

Alumnado da Escola Municipal de Debuxo e Pintura e dos centros educativos.

SOUTO MAIOR DE LIBRO

Libros e moito máis!!

2023

Sábado 22 DE ABRIL

Todo o día
Alameda Talo Río

Expositores e venda de libros
Contacontos
Espazos artísticos e de xogo
Presentación e sinatura de libros
Obradoiros
Sorteos
Espectáculos



Máis info e inscricións en liña
sáb 21 de abril

#SoutomaiorDeLibro

gabinetesoutomaior.com



Concello de Soutomaior



COLABORAN



Xacobeo 21-22



XUNTA DE GALICIA

OMIX | Educación | Cultura

COLABORAN



Xacobeo 21-22



XUNTA DE GALICIA



Sábado 22 de abril 2023
Alameda Talo Río

SOUTO MAIOR DE LIBRO

#SoutomaiorDeLibro

Libros e moito máis!!

LibroRuleta!

Xogo con varias seccións de cores sobre unha roda para acertar sobre lectura, literatura e outras curiosidades.

Infórmate no POSTO DE INFORMACIÓN sobre como participar no **SORTEO de libros e moito máis!**

Aventúrate con ROTI!

Completa o **Pasaporte Literario** percorrendo "Soutomaior de libro".

Inscripcións en liña para os obradoiros **ata venres 21 de abril**



ESPAZOS

Todo o día | Público xeral

Biblioteca Municipal "Luís Seoane"

Que facemos e que podes atopar na Biblioteca? Contámoscho neste recuncho especial no que ademais poderás asociarte, ler ou descansar!

Mundo mariño "Un mar de letras e imaxes"

Un espazo aberto a todas as idades onde mesturar a lectura, ilustración e as novas tecnoloxías co mar. Participando de xeito activo nos obradoiros e gozando das lecturas sobre o mundo mariño.

> **13 Grados** (Colectivo)

Literatura e videoxogo "Libros e xogos que educan"

Un espazo de xogo no que imos aventurarnos no mundo do videoxogo e nas súas relacións coa literatura a través dunha selección de catro libros para xogar. Dirixidos a todas as idades.

> **Polygonestudios** (colectivo)

09:45 - 10:00 h
Inauguración

10:00 - 14:00 h | Público xeral
Apertura expositores e postos de venda

10:15 - 11:00 h | Público 4-6 anos
Presentación libro "O mundo de cores de Lía e Roque"

Roque e Lía, teñen un xogo secreto grazas ao cal, xunto descubrirán que hai moitas e diferentes formas de ser, estar, e, por suposto, de pintar as unllas.

> **Paula Suárez** (autora) Edit. Galaxia

11:15 - 12:15 h | Público xeral
Obradoiro "Ilustrando con acuarela"
Levaremos a cabo ilustracións, inspirándonos no noso entorno a través de libros e visións de animais que habitan o litoral galego. **Inscripcións en liña | 15 prazas.**

> **13 Grados** (colectivo)



11:15 - 12:15 h | Público xeral
Charla - coloquio "A Lingua e os Videoxogos"

Participan:

> **Ramón Méndez:** Doutor pola Uvigo en Tradución de Videoxogos e unha das figuras a nivel mundial en tradución neste campo con máis de 1000 títulos AAA (a máxima calificación dos xogos) traducidos.

> **María Álvarez:** Autora do xogo La Gitanilla baseado na obra de Cervantes e empregado para ensinar Español a xente estranxeira.

> **Iago Gordillo:** "Recuncho Gamer" un dos máis coñecidos youtubers (twitch) do panorama mediático oficial de Galicia.

12:30 - 13:30 h | Público xeral
Obradoiro "Experiencia inmersiva con lentes de realidade virtual"

Vive unha experiencia inmersiva en 360°, percorrendo o fondo do mar da nosa contorna coma se estivésemos mergullándonos en primeira persoa.

Inscripcións en liña | 18 prazas.

> **13 Grados** (colectivo)

12:30 - 13:30 h | Público xuvenil-adulto
Presentación dos libros "A triloxía de Carlos Manso" e "Sestrela"

O autor falará sobre estas tres novelas negras cun acusado enfoque social, que propoñen unha viaxe de superación de moitos prexuízos, colocando á persoa lectora contra as cordas á hora de percibir o que é e non é pertinente dentro das convencións sociais. Presentará o seu último libro, unha novela xuvenil que malia a súa capa de ciencia ficción, trata, en realidade, dos nenos e das nenas que senten que non encaixan en ningures. Un libro sobre a procura da identidade e a dificultade que temos para aceptar todo o que se afaste do normativo.

> **Manuel Esteban** (autor) Edit. Xerais

13:30 - 14:15 h | Público infantil-familiar
Espectáculo de música ao vivo, teatro e humor "Consertasso na horta"

A Santa Compañía aparécese entre as patacas cantando un trap. Hai unha pulga punk da praia de Liméns. As cabras tiran para o monte e os caracois reivindicán o seu ritmo: o reggae...

Letras e arranxos para sementar e apañar risas e ganas de cantar.

> **Brais da Horta**



16:00 - 20:30 h | Público xeral
Apertura expositores e postos de venda

16:00 - 20:30 h | Público 6 a 12 anos
Obradoiros PLESS "Plataforma de aprendizaxe interactivo"

Usando tabletas accederemos á plataforma de aprendizaxe baseada en videoxogos para xogar en diferentes niveis de dificultade. Pless é unha ferramenta educativa dixital que conecta os contidos curriculares da LOMLOE cos videoxogos.

Sen inscrición previa.

> **Pless**

16:00 - 17:00 h | Público 3-8 anos
Contacontos + obradoiro baseada no libro infantil "A pantasma colorida"

Este álbum ilustrado fala sobre a importancia da amizade e de como os problemas poden transformarse en grandes oportunidades. Animámosvos a vir a coñecer esta historia mediante un contacontos coas súas autoras. Ao rematar realizaremos a actividade creativa "Creación de pantasmas" na que cada persoa creará a súa pantasma de cores.

> **Gema García e Rocío G. Pedreira** (autoras) Edit. Hércules.

16:00 - 18:00 h | Público adulto+16 anos
Obradoiro "Como escribir un conto infantil"

Construír de forma divertida un relato utilizando para isto as ferramentas básicas potenciando a imaxinación con palabras, frases e obxectos.

Inscripcións en liña | 15 prazas.

> **Manuel Guisande** (escritor e formador).

17:00 - 18:00 h | Público xeral
Obradoiro aberto "Creamos marcapáxinas" con acuarela

Sen inscrición previa.

> **13 Grados** (colectivo)

18:00 - 19:00 h | Público xeral
Obradoiro "Experiencia inmersiva con lentes de realidade virtual"

Vive unha experiencia inmersiva en 360° percorrendo o fondo do mar da nosa contorna coma se estivésemos a mergullar en primeira persoa

Inscripcións en liña | 18 prazas.

> **13 Grados** (colectivo)